

# Falco tinnunculus Linnaeus, 1758

	lagarteiro, peneireiro
	cernícalo vulgar
	belatz gorria
	xoriguer, xoric, soliguer, soriguer
	common kestrel, Eurasian kestrel
	peneireiro-vulgar



## ESTADO DE CONSERVACIÓN



## MEDIDAS CORPORAIS

<b>Peso</b>	136-252 g(♂), 154-314 g(♀)
<b>Lonxitude</b>	32-39 cm
<b>Envergadura</b>	65-82 cm

FILO	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Chordata	Aves	Falconiformes	Falconidae	<i>Falco</i>

## ALIMENTACIÓN

Pequenos mamíferos, aves passeriformes, insectos, réptiles e anfibios.

## COMPORTEAMENTO

Son diúrnos, monógamos e solitarios, inda que nalgúns lugares viven en colonias, especialmente durante a migración ou a época de cría. En moitas rexións son sedentarios, pero nas máis frías migran no inverno ás máis cálidas.

## REPRODUCCIÓN

O período de celo dáse en primavera. As femias poñen 3-7 ovos, que incuban durante 4 semanas, mentres os machos as alimentan. Os ovos con femias, de menor tamaño, ábrese 12 horas antes que os dos machos. A cría, alimentada pola nai que á súa vez segue sendo alimentada polo macho, voa a partir dos 28-53 días, e acada a madurez sexual aos 2-3 anos.

## HÁBITAT

Bosques abertos, prados, estepas, pradarias, zonas semidesérticas e áreas urbanas.

## DISTRIBUCIÓN

Europa, incluíndo suroeste de Islandia e meirande parte de illas atlánticas e mediterráneas, boa parte de Asia continental, illas arábicas, Sri Lanka, Xapón, Taiwán, Hainan, norte de Filipinas, Singapur e nordés de Borneo; Macaronesia, Magreb, Golfo de Guinea, Corno de África e África do Leste.

## CURIOSIDADES

Cando caza o lagarteiro permanece nun voo case inmóbil a 10-20 m de altura agardando por algunha presa, e en canto aparece, bótase en picado a por ela.

A subespecie presente no campus é *Falco tinnunculus tinnunculus* Linnaeus, 1758, propia de Europa, Magreb, Oriente Medio e o norte de Asia.